

COMERCIO

CONCELLERÍA
DE
PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO,
PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DISTRITOS

CONCELLO
DE VIGO



Expediente: **CONTRATO MAIOR DE SERVIZOS PARA A INSTALACIÓN DUN BELÉN MONUMENTAL DURANTE A CAMPAÑA DE NADAL 2018/2019 (Expte 5279-106)**

Asunto: **emisión informe da proposición avaliable mediante xuízo de valor (sobre B)**

Destinatario: **Mesa de Contratación**

INFORME:

A Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o 3 de maio de 2018, acordou, por unanimidade, solicitar o informe do Servizo de Comercio, en relación co **sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor"** do único licitador presentado e admitido no procedemento de referencia, logo da súa apertura en acto público:

* AGRUPACION BELENISTA "La Morana", con NIF G49180904.

CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUIZO DE VALOR:

Criterio 1º.- a calidade artística da exposición do Belén: acada unha valoración de **22,8 puntos** dun total de 35 puntos.

1. A calidade artística-momumental: acada unha valoración de **18,5 puntos.** dun total de 29,5 puntos

Achégase informe de Rosa García Martínez, mestra de formación de talla e escultura en madeira da EMAO, designada para a valoración deste apartado:

2.- Iluminación da exposición do Belén: acada a puntuación de **2 puntos,** dun máximo de 2,5 puntos.

2.1.- A proposta describe a iluminación xeral especial da sala de exposición e escenografía, así como puntos focais propios dos elementos figurativos e escénicos, así como a iluminación da exposición fotográfica da sala anexa, cumprindo co establecido nas condicións do contrato, acadando a máxima puntuación do apartado, **1 punto.**

2.2.- A proposta incorpora varias unidades e sistemas de iluminación mediante proxectores de recorte, foco multifuncionais e con efectos lumínicos de potencia suficiente para espazos interiores, lámpadas de baixo consumo LED, sistemas de ancoraxe e resultado lumínico a conseguir. Non achega as fichas técnicas dos equipos, referenciando só a marca no caso dos proxectores de recorte ETC de calidade media alta; non achega plano de situación concreta: acada **0,5 puntos,** dun máximo de 1 punto.

2.3.- A proposta incorpora lámpadas de baixo consumo e datos coa potencia destas: acada a puntuación máxima do apartado: **0,5 puntos.**

3.- Son da exposición: acada a puntuación de **2 puntos,** dun máximo 2,5 puntos.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 16/05/2018 10:45

Páxina 1 de 4

Expediente 5279/106

CSV: 28E748-D8D83B-C9A28A-9KXQJV-CYVMG4-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

COMERCIO

CONCELLERÍA
DE
PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO,
PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DISTRITOS

CONCELLO
DE VIGO



3.1.- Describe unha proposta de son de ambiente xeral para a sala con diversos efectos sonoros realistas, música ambiental, etc: acada a máxima puntuación do apartado, **1 punto**.

3.2.- Incorpora datos dun equipo de son LD System de gama media. Non incorpora fichas técnicas nin datos das ancoraxes e soportes, cadro de control, nin ubicación: acada **0,5 puntos** dun máximo de 1 punto

3.3.- Incorpora os datos coa potencia dos equipos: acada a puntuación máxima do apartado **0,5 puntos**.

4.- A sinalización da sala: acada a puntuación de **0,3 puntos** dun máximo de 0,5 puntos.

Describe de forma xeral a sinalética utilizada para as esceas que compoñen a escenografía, indicadores de seguridade, de percorrido da exposición e punto destacado "selfie" de toma de imaxes, e sistemas de difusión e publicidade con lonas exteriores, "roll-up" e edición de 10.000 ud de marcapáxinas. Non incorpora fichas técnicas nin imaxe gráfica dos elementos a instalar: acada **0,3 puntos** dun máximo de 0,5.

Criterio 2º A calidade artística da exposición fotográfica anexa, acada **2 puntos** dun total de 5 puntos.

1.- Propón unha mostra de 30 fotografías de gran formato (600 x 850 mm) en alta calidade e resolución profesional (300 ppp), cor. Non incorpora memoria con planos de ubicación nin fichas técnicas: acada **1,5 puntos** dun total de 2,5.

2.- Incorpora datos coas características do material utilizado: papel fotográfico de 90 gm, plastificado mate e montadas sobre soporte ríxido de pvc, acompañadas de cartelas descritivas en tamaño A4. Non incorpora memoria con planos de ubicación nin fichas técnicas, acadando **0,5 puntos** dun total de 1 punto

3.- Describe insuficientemente a proposta de iluminación e non achega ficha técnica dos equipos: **acada 0 puntos** dun total de 1 punto.

Se ben a proposta formula unha visión didáctica do proceso de creación de forma artesanal por belenistas e imaxineiros, o conxunto do proxecto expositivo adoece do necesario e importante apoio didáctico onde se explique o Belén Barroco dentro da corte de Madrid no reinado de Felipe V e Isabel de Farnesio, e xustifique a elección dun Belén ambientado nese periodo e non noutro.

A tradición Belenista no contexto histórico do Barroco, as influencias italianas, os oficios relacionados coa realización das figuras e escenas, a forma en que os escultores facían as pezas e os pintores, as policromías. Todo debería ser explicado no contexto histórico, facendo referencia a artistas da época. Así como as referencias as escenas que se representan; segundo a memoria presentada cítanse como tales cadros de Velázquez, Murillo e Zurbarán que deberían ser nomeados e aparecer nas imaxes xunto coas referencias no Belén que deles se fai. O mesmo ocorre coa referencia que na memoria



COMERCIO

CONCELLERÍA
DE
PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO,
PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DISTRITOS

CONCELLO
DE VIGO



presentada se fai dos presépios portugueses dos séculos XVII e XVIII que se conservan no Museo Nacional do azulexo e no Museo Nacional de Arte Antiga de Lisboa, así como en distintas igrexas.

Este fin pedagóxico, e non só monumental, podería ser explicado a través de pantallas interactivas ou, no seu defecto, con cartelería e esquemas explicativos, mesmo contar con apoio de persoal formado que faga visitas guiadas a colexios e grupos de visitantes.

Criterio 3º.- O control, seguimento e mantemento das exposicións:
acada **2,5 puntos** dun total de 5 puntos.

1.- Describe o sistema vixilancia prevista e funcións no horario de visitas, mediante persoal auxiliar con funcións de control de accesos e reconto de visitantes diarios, emisión de informes do rexistro de visitas, sistema de medición do grao de satisfacción. Non achega os datos do número de persoas adicadas as tarefas indicadas, nin fichas técnicas dos equipos a instalar, acadando un **2 puntos** dun total de 3 puntos.

2.- Describe brevemente o servizo de mantemento e prazo máximo de resposta previsto ante posibles incidencias. Non incorpora plan de mantemento, nin persoal adicado a este, acadando unha valoración de **0,5 puntos** dun total de 2 puntos.

Do contido do presente informe, despréndese como resume os seguintes datos da valoración dos criterios por xuízo de valor da oferta presentada:

Criterio	Puntuación máxima	Puntos obtidos
Criterio 1º.- Calidade artística da exposición do Belén	35	22,8
Criterio 2º.- Calidade artística da exposición fotográfica.	5	2,0
Criterio 3º.- Control, seguimento e mantemento das exposicións	5	2,5
TOTAL	45	27,3

Visto o exposto no presente informe, dáselle traslado do seu contido á Mesa de Contratación en virtude das súas competencias.



COMERCIO

CONCELLERÍA
DE
PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO,
PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DISTRITOS

CONCELLO
DE VIGO



Asinado, na hora e data indicada na sinatura electrónica

O xefe do Servizo de Comercio,
José A. Hermida Fernández

O xefe da Área de Servizos Xerais,
Alvaro Crespo Casal

enterado,

O concelleiro da Área de Parques e Xardíns, Comercio,
Participación Cidadá e Distritos

Ángel Rivas González



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 16/05/2018 10:45

Páxina 4 de 4

Expediente 5279/106

CSV: 28E748-D8D83B-C9A28A-9KXQJV-CYVMG4-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>